

PASARELAS PARA ACCESO A OUTRAS TITULACIÓNS

¿Qué son?

Co establecemento das pasarelas se pretende conseguir que o estudante, obtenido un título de primeiro ciclo ou de ciclo corto (tres anos: diplomado, arquitecto técnico ou enxeñeiro técnico) poda ter acceso ó segundo ciclo das ensinanzas de dous ciclos ou de ciclo longo (licenciado, arquitecto ou enxeñeiro), así como que o estudante que termine o primeiro ciclo dunha carreira de ciclo longo poida acceder ó segundo ciclo doutra carreira distinta.

Ahora ben, a incorporación a segundos ciclos que non son continuación directa dos primeiros, só pode existir cando entre o primeiro ciclo realizado e o primeiro ciclo dos estudos ós que se accede, existe un grado suficiente de coincidencia no nivel formativo académico que permita afrontar os estudos de segundo ciclo con suficiente garantía de éxito. Por isto, non tódolos segundos ciclos son susceptibles de acceso dende calquera primeiro ciclo e incluso existen titulacións ás que, polas súas características específicas, non é posible acceder senon dende o inicio dos correspondentes estudos.

Complementos de formación.

En ocasións, o acceso a un segundo ciclo distinto do de procedencia pode ser directo, considerándose que, aínda cando as materias concretas dos correspondentes primeiros ciclos non sexan absolutamente idénticas, a formación global recibida é suficientemente coverxente.

Noutras ocasións, en cambio, é necesario complementar a formación recibida no primeiro ciclo dende o que se accede, con algunhas ensinanzas existentes no primeiro ciclo dos estudos ós que se reorienta o alumno. Estas ensinanzas constitúen os chamados complementos de formación.

Titulacións que teñen segundos ciclos accesibles dende calquera primeiro ciclo:

Obtendo calquera título de primeiro ciclo ou superado o primeiro ciclo de calquera titulación se pode acceder con complementos de formación a:

De ciclo largo (CL): Licenciado en comunicación audiovisual, Licenciado en Humanidades, Licenciado en Periodismo, Licenciado en Publicidade e Relacións Públicas, Licenciado en Traducción e Interpretación.

De só segundo ciclo (SSC): Licenciado en Documentación, Licenciado en Historia e Ciencias da Música, Licenciado en Lingüística, Licenciado en Teoría da Literatura e Literatura comparada.

Dende as especialidades de Mestre que se da neste centro pódese acceder: Licenciado en Antropoloxía Social e Cultural, Licenciado en Pedagogía e Licenciado en Psicopedagogía.

Co título de Educación Social, pódese acceder a: Licenciado en Antropoloxía Social e Cultural, directo; Licenciado en Pedagogía, Licenciado en Psicopedagogía e Licenciado en Ciencias do Traballo, con complementos.

Co título de Traballo Social, pódese acceder a: Licenciado en Antropoloxía Social e Cultural, directo; Licenciado en Socioloxía e Licenciado en Ciencias do Traballo, con complementos.

¿Cómo e onde se solicitan?

O estudantes presentarán as súas solicitudes de ingreso na Universidade ou Universidades onde desexen realizar os seus estudos, tendo en conta os procedementos para a solicitude e adxudicación de prazas fixadas.

Oferta de prazas de Universidade Públicas:

Durante o mes de xuño, o *Consejo de Universidades* fai pública a oferta de prazas das Universidades públicas, mediante a súa publicación no BOE e na Páxina web do *Consejo de Universidades*: www.mec.es/consejou/index.html.